

## NOTA DE PRENSA

# Os médicos dos balnearios galegos insisten na importancia de que a Seguridade Social permita a prescrición médica dos tratamentos termais

## Estes tratamentos logran un maior benestar físico e psíquico dos pacientes e melloran os síntomas das enfermidades crónicas

---

*Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- A Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia organiza esta tarde unha conferencia centrada no valor actual do termalismo social. A encargada de impartila será a doutora **Rosa Martínez**, médico do balneario Termas de Cuntis. Celebrarase no edificio docente Roberto Novoa Santos, anexo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a partir das 18:30 horas.

A doutora **Rosa Martínez** manifesta a relevancia de que a sociedade en xeral e os servizos médicos en particular se conciencien da importancia de que a prescrición médica dos tratamentos termais chegue a ser unha realidade en España. “O ideal sería que no futuro chegáramos a equipararnos a outros países europeos como Francia ou Alemaña, onde a Seguridade Social financia estes tratamentos. E aquí, aínda que queiran, os facultativos non poden prescribilos” -afirma-.

Tal como explica a doutora, “os obxectivos que perseguen estes tratamentos son, sobre todo, un maior benestar tanto físico como psíquico dos usuarios, paliar os síntomas das enfermidades crónicas, ademais de lograr unha diminución do uso da medicación por parte dos pacientes, en especial da terceira idade”.

A doutora **Martínez** salienta que este baleiro que non cobre a Seguridade Social en España estao a cubrir dende hai anos o Programa de Termalismo Social do Imsero. “Agardamos que siga na mesma liña durante moito tempo máis e que incluso mellore e se vaia aumentando o número de prazas que se ofrecen cada ano, xa que existe unha elevada demanda e son moitas as persoas da terceira idade que non poden desfrutar deste programa e que o necesitarían pola súa situación médica”.

A doutora lembra que “o envellecemento activo é fundamental debido a que cada vez a natalidade é menor, ao tempo que se incrementa a esperanza de vida das persoas. E, segundo as previsións, no futuro imos vivir aínda máis anos, de aí a importancia de que nos manteñamos activos tamén na vellez”.